

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA

18 DE MARZO DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás doce horas do día dezaioito de marzo de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Antes de comezar a sesión o Sr. alcalde, en nome da Corporación, dálle a benvida a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Pronunciamento do pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM

Toma a palabra o Sr. alcalde que, para xustificar a urxencia, manifesta que segundo consta na convocatoria, decidiu convocar este pleno de urxencia vista a necesidade inaprazable de aprobar os orzamentos, co fin de habilitar os créditos, e como consecuencia do rexeitamento dos orzamentos municipais para o ano 2013. Trátase de habilitar os créditos para facer fronte aos programas municipais, en especial ás subvencións a entidades sen ánimo de lucro, aumentar as partidas destinadas a Servizos Sociais, así como as políticas de fomento do emprego, e para garantir os investimentos proxectados, tanto con fondos propios, como os cofinanciados por outras administracións, dentro destes últimos a achega municipal para a obra da Casa da Cultura cofinanciada con fondos FEDER da UE e da Deputación da Coruña.

Di que por este motivo foi convocado o pleno de urxencia para tratar a cuestión de confianza, polo que pide que se vote a dita declaración de urxencia.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM.

2º Cuestión de confianza vinculada á aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2013

O Sr. alcalde dá lectura á proposta de Alcaldía, de data 15 de marzo de 2013, que consta do seguinte teor literal:

“ Don Manuel Rivas Caridad, alcalde do Concello de Cambre, de conformidade co disposto no artigo 197. bis 1) da Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral,

EXPOÑO:

Primeiro: Que na sesión extraordinaria do pleno da Corporación, de data 14 de marzo de 2013, rexeitouse a proposta de aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2013.

Segundo: Que a situación política xerada no Concello de Cambre por este rexeitamento dificulta a acción de goberno, de tal xeito que resulta de imperiosa necesidade a súa aprobación, especialmente se temos en conta que é un exercicio de responsabilidade aprobar o orzamento canto antes, para así facer fronte á situación de bloqueo na que se atopan actualmente toda unha serie de proxectos, servizos e actividades municipais. Trátase de responder ás urxentes necesidades da veciñanza de Cambre.

Por todo isto,

FORMULO ao pleno da Corporación unha cuestión de confianza, nos termos contidos no precepto antes citado, vinculada á aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2013.”

O Sr. alcalde diríxese aos concelleiros da Corporación, veciños e veciñas, e di que espera poder explicarlles de forma clara e concisa a súa decisión de convocar esta moción de confianza.

En primeiro lugar, vaise referir á propia palabra que adxectiva esta sesión, confianza. Unha coñecida científica expresa perfectamente o seu significado, a confianza é unha hipótese sobre a conduta futura do outro, é unha actitude que concerne ao futuro, na medida que este futuro depende da acción dun outro, é unha especie de aposta que consiste en non inquiredarse do non control do outro e do tempo.

Varios dos presentes, hai só catro días, deixáronlle claro que tiñan perdido a confianza nel, ou o que é o mesmo, segundo a coñecida científica, a súa conduta futura. Tiñan deixado de apostar en non inquedaarse do non control da súa xestión, pois ben, hai momentos na vida de todo home nos que asume un especial sentido da responsabilidade, responsabilidade coa que dirixiu este concello durante este ano e nove meses. Hoxe, non obstante, a responsabilidade que sente parécelle infinitamente maior, hoxe ten a obrigaón e a necesidade de explicarlles que este goberno non está disposto a gobernar aos cambreses sen os orzamentos que eles rexeitaron, porque estarían enganándoos. El non está disposto a enganar aos seus veciños, a quen se debe.

Quere que esta moción lles deixe claro que, nin el, nin o resto dos seus compañeiros de goberno, non están aquí para gañar un soldo nin unha nómina a fin de mes, están aquí para gobernar con responsabilidade e compromiso. Esta responsabilidade é a que o levou a convocar esta sesión, porque de non aprobarse os orzamentos, os veciños de Cambre non poderán ver investimentos no seu concello, as entidades non poderán sobrevivir sen as subvencións nominativas, e o que é peor, non poden aumentar as partidas para Servizos Sociais e para os programas de promoción de emprego, algo que deberán explicar ao resto dos grupos, que son os primeiros que lle dixeron de forma unánime que as partidas propostas polo goberno para eses conceptos son de todo insuficientes.

Di que, entón, se non aproban os orzamentos, el se pregunta: ¿nin sequera se subirán esas partidas tan necesarias para o usuario de servizos sociais?, ¿que fai?, ¿quédase no seu despacho vendo que non pode levar a cabo eses importantes proxectos para o seu municipio?. Négase rotundamente a facelo, e iso porque cre que estes orzamentos son vitais para mellorar o benestar dos cambreses, e para dar servizos e dereitos fundamentais a moitos que o están pasando mal.

Por iso, e aínda que non é unha decisión fácil, di que un debe de preguntarse, serena e obxectivamente, se presta un mellor servizo á colectividade permanecendo no seu posto a calquera prezo, ou sendo franco coas persoas para as que traballa día a día, os veciños deste municipio, sabendo que non lles garantizará moitos dos servizos e de que non mellorará o seu benestar sen as contas aprobadas.

Di que podería prorrogar os orzamentos, pero estarían traizoando aos cambreses. El non está á fronte deste goberno para lamentar os erros que moitos dos hoxe aquí presentes cometeron. El está aquí para arranxar os problemas do presente, os problemas do día a día. Di que ten chegado ao convencemento de que hoxe, e nas actuais circunstancias, non pode permitir que non aproben esas contas, as máis sociais do Concello de Cambre.

Cre sinceramente que pode seguir loitando por este pobo, polo seu progreso, polo seu futuro e sobre todo porque ten un grande equipo, sólido e unido, que traballa cada día para facer deste un pobo mellor, pero tamén cre que debe contar co apoio do resto dos grupos, non por el, nin polo seu grupo, senón polo ben das persoas que representan.

Un político que pretenda servir a este concello debe saber en que momento se teñen que tomar decisións como as que ten tomado ao convocar este pleno. Di que encarna as maiores responsabilidades executivas da vida política deste concello, e ten o convencemento de que nesta situación na que se atopan, o mellor que poden facer polos cambreses é poñer en práctica as políticas de servizos sociais e emprego que marcan os orzamentos.

Ese profundo sentimento de lealdade cara aos seus veciños esixiulle que convocara esta sesión de forma tan inmediata, e é que non poden demorar máis a aprobación dos orzamentos, que do contrario, poñerán en serio perigo moitos programas municipais que necesitan dos aumentos propostos nestas contas, e aínda peor, poñerán en risco moitas entidades que sen as achegas municipais previstas para o ano 2013, terían moi difícil subsistir.

Di que queredría transmitirilles o seu sentimento de que seguen habendo moitas razóns para confiar no seu goberno, porque dende que chegaron ao concello non pararon nin un momento en arrancar os males do concello, e en perseguir o benestar dos veciños. El, pola súa parte, prométilles que como alcalde e como representante dos cambreses, seguirá entregado, en corpo e alma, á defensa deste pobo alá por onde vaia, e sexa quen sexa a persoa ou o goberno co que trate.

Teñen que manterse na esperanza, convencidos de que as circunstancias seguirán sendo difíciles durante algún tempo, pero coa seguridade de que se non desfalecen, van seguir adiante. Deben acordar, como responsables que son deste concello, o mellor para este concello, e o mellor é aprobar sen máis demora unhas contas que só pretenden axudar a quen máis o necesita.

Os principais problemas de Cambre teñen resposta nestes orzamentos. Pídelles que o apoiem e que renoven neles a súa confianza, para que este goberno poida culminar o labor emprendido, do contrario, dilles que expliquen aos cidadáns o seu voto en contra, e que expliquen tamén como e por que motivo queren desterrar a un executivo que en menos de dous anos conseguiu desbloquear as maiores obras que se teñen feito neste concello.

Lembra que a confianza é unha hipótese sobre a conduta futura do outro, e só quere terminar esta a súa primeira intervención, dicíndolle aos seus compañeiros de goberno que el non ten ningunha dúbida sobre as súas condutas futuras. El ten confianza plena neles, e no seu traballo para que este concello avance, progrese e loite para que os seus cidadáns vivan o mellor posible.

Conclúe dicindo que agora, se lles parece, pasarán a unha quenda de intervencións de todos os voceiros, despois unha quenda de réplica, e logo á votación.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que de verdade non sabe moi ben por onde comezar a súa intervención, se denunciando a irresponsabilidade do Sr. alcalde á hora de convocar este pleno, ou lamentando sinceramente a patética xustificación que argumentou para celebralo.

Di que os únicos culpables de que a día de hoxe Cambre non teña orzamentos, son o Sr. alcalde e o seu goberno. Se as subvencións nominativas a entidades sen ánimo de lucro, se as partidas para servizos sociais e emprego, entre outras varias medidas orzamentarias, non se teñen aprobado, é pola súa culpa, e por certo, se tanta présa tiña na súa posta en marcha, perfectamente podería ter convocado un pleno extraordinario, e, nese caso, si que urxente. Pregunta ao Sr. alcalde se non lle resulta iso máis urxente que formular a confianza ao goberno municipal tal e como fai hoxe. Pídelle que non intente enganalos nin crear alarma absolutamente inxustificada entre os colectivos beneficiarios das posibles prestacións.

As coaccións do Sr. alcalde para que se aproben os seus orzamentos son intolerables. Se tiveran presentado en tempo e forma os orzamentos, a día de hoxe Cambre xa tería aprobados uns para o ano 2013. Todo o atraso que acumula a súa tramitación, pretenden convertilo agora en urxencia, nunha frase: “ou eu, ou o caos”.

Di que cría que quedara suficientemente claro na súa intervención no pleno de orzamentos do pasado xoves, que para o grupo municipal dos socialistas de Cambre, o rexeitamento ás súas contas non era unicamente unha cuestión de números, senón de confianza, de perda de confianza. Nin o Sr. alcalde nin o seu goberno, e menos con propostas como a que hoxe traen a pleno, resultan fiables.

A pesar de todo, o Sr. alcalde decide someterse a unha cuestión de confianza, e a confianza hai que gañala. Dille que perderon o norte, non se trata de pedir confianza, deben transmitir confianza, e máis nestes momentos, e con máis ímpetu que nunca quen ostenta unha responsabilidade nesta Corporación. Confianza é o que teñen que transmitir aos veciños cando lles confían a atención das súas necesidades e problemas.

Segue dicindo que o Sr. alcalde sempre se ten vanagloriado de non ser un político, pois ben, a debilidade do seu goberno, unida ao momento presente de progresiva deterioración económica e social, de perda de calidade de vida de tantas familias do municipio, esíxelles facer política con maiúsculas. Hoxe hai que ser máis político que nunca, cousa que ao Sr. alcalde parece que non lle agrada.

A actitude do Sr. alcalde con esta cuestión de confianza é a mesma que a do mal xogador de fútbol, que cando as cousas non lle saen ben no campo, e se sente sobrepasado polos acontecementos, decide autoexpulsarse, deixando aos seus compañeiros en inferioridade de condicións. Ninguén dixo que gobernar Cambre fora fácil, e máis tendo en conta a actual situación de crise na que se atopan, pero os cargos electos deben ser consecuentes coa responsabilidade que os seus veciños, por medio dos seus votos, lles teñen encomendado, e xogar o partido, todo o partido, vengan ben ou mal dadas.

Dille ao Sr. alcalde que esta xa non é unha cuestión de confianza, o seu creto agotouse quebrantando a confianza que, dende a responsabilidade, os socialistas de Cambre depositaron no seu goberno, permitindo a aprobación da inmensa maioría de propostas que o goberno ten traído a pleno nestes últimos 21 meses, incluídos os orzamentos do 2012. Pídelles que non se olviden.

Reitera que esta xa non é unha cuestión de confianza, están ante unha verdadeira cuestión de emerxencia, e respecto do pronunciamento a que foron convocados mediante este pleno, onde o Sr. alcalde quixo someterse a unha cuestión de confianza, os socialistas de Cambre son coherentes co que dixeron o xoves pasado no pleno de orzamentos, e dinlle alto e claro que non, que non ten a súa confianza.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo creou un partido hai 4 anos pola necesidade que tiñan como veciños, porque non se vían representados polos políticos que estaban naquel entón nesta Corporación. Cando chegaron as eleccións, despois de ver os resultados, eles creron seriamente que unha persoa como o Sr. Rivas, un empresario que non viña da política, creron sinceramente que traería un aire fresco á política municipal de Cambre. Creron niso, e así llo demostraron a principios de lexislatura, creron que, como dicía, se ía facer xestión, e sobre todo que ía haber consenso con todas as forzas políticas, e non foi así, senón que foi todo o contrario.

O Sr. alcalde convoca un pleno de urxencia ás 15:45, o venres pola tarde, para as 12:00 da mañá do luns, precipitado. Fálalles de responsabilidade, e de que hai que aprobar canto antes os orzamentos, pero isto podían telo consensuado o ano pasado sen ningún tipo de problema, e aprobado antes do 31 de decembro sen ningún tipo de problema, pero non o fixo, non o fixo o Sr. alcalde, non é que non o teñan feito eles, non o fixo el. Antes do 31 de decembro, nin tiña os seus orzamentos, nin contou cos da oposición, para nada.

O tema da confianza é unha confianza que se gaña, que se gaña día a día, e o Sr. alcalde, dende logo tíña con UxC e perdeuna. Non ven proxectos de futuro para Cambre, ningún, non poden permitir que siga gobernando un partido que non ten proxectos para Cambre, absolutamente ningún, non viron ningún proxecto para Cambre nos orzamentos que presentou, nin no propio orzamento, nin proxectos para os anos seguintes.

Agarda ao límite do orzamento para presionar aos outros grupos, e iso si que cren que é unha irresponsabilidade, non consensuar os orzamentos cando tiveron moitísimo tempo. Remítese ao que dixeron no pleno dos orzamentos, dende logo non ten a confianza de UxC pola xestión que fixo nestes case dous anos de goberno municipal.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que eles tamén van falar de confianza, sobre todo porque xa que o Sr. alcalde está pedindo reiteradamente que lle expliquen aos veciños por que non o apoian, e que llo expliquen a el en caso de non outorgarlle a confianza, vanlle explicar o motivo e o porqué.

Di que no mes de xuño do ano 2011 o conxunto desta Corporación depositou a súa confianza no equipo de goberno que o Sr. alcalde preside. No grupo de EU decidiron absterse, para respectar e permitir que a lista máis votada fora a que formase goberno, de feito, a pesar das absolutas diferenzas ideolóxicas que os separan, partiron da confianza no seu proxecto de goberno sen ningún tipo de prexuízo, pero foron eles mesmos os que, dende o primeiro momento, foron perdendo a credibilidade e o respecto, polo menos do grupo municipal de EU, e polo que están vendo neste

momento de toda a oposición. O problema é que actúan con tan pouca humildade, e con tanta prepotencia, que calquera outro no seu lugar pensaría analizar que é o que se está facendo mal, cando gobernando en minoría, 12 dos 13 concelleiros da oposición votan en contra dos orzamentos. Pero o PP de Cambre non, eles dedícanse a responsabilizar á oposición das medidas de pata que ten o goberno, e a pedir responsabilidades aos concelleiros, aos que veñen ignorando e ninguneando dende o primeiro momento, en lugar de asumir que pode ser que non estean facendo ben o seu traballo, e intentar melloralo.

Di que non teñen escusa, dende que comezou esta lexislatura, o grupo municipal de EU concretamente, está inmerso nunha guerra afervoadada con eles, pola negativa do equipo de goberno en xeral, e do Sr. alcalde en particular, a dialogar con eles, a escoitar as súas iniciativas, a valorar as súas suxestións. Unicamente se dedicaron a provocar enfrontamentos, a ocultar información, a inventarse denuncias coactivas, a prohibir e censurar mocións, a facer declaracións á prensa que despois lles negan, en definitiva, como dicía antes, a ningunear aos representantes dunha porcentaxe de poboación moi importante.

Continúa dicindo que é tal a falta de humildade que caracteriza ao actual goberno de Cambre, como pode ser a que caracteriza á Xunta de Galicia, ou a que caracteriza ao Estado, porque detrás das siglas do PP sempre atopan o mesmo, falta de diálogo, falta de transparencia, e, pola contra, mandato do autoritarismo e da censura. O talante co que comezaron esta lexislatura xa non foi bo dende o inicio, pero sempre que EU lles reprochaba a falta de diálogo e a falta de consenso, dábanlles a razón como aos tontos, e, despois, seguían actuando da mesma forma. Dille ao Sr. alcalde que lle é sincera, que teñen saído deste salón de plenos con auténtica frustración e decepción das súas xestións, polas situacións aquí vividas, con plenos totalmente improdutivos, nos que a opinión dos grupos da oposición tomábana máis como un insulto persoal que como unha achega construtiva para mellorar o traballo a facer en Cambre. É moi frustrante estar realizando un traballo que para eles é vocacional, e que se desprece por parte do goberno por un mero complexo de superioridade.

O grupo municipal de EU vai camiño das 300 iniciativas presentadas dende que comezou a lexislatura, que levan consigo un traballo moi importante, e que na súa inmensa maioría foron, ou desoídas, ou incluso cuestionadas por calquera dos membros do goberno. Este tipo de feitos son os que provocan situacións como a que hoxe están a vivir. Tamén poden falar das continuas ocultacións de información ás que os levan sometendo dende o principio, calquera dos grupos municipais da oposición poden poñer moitos exemplos de expedientes e información solicitada que non se facilitou, ou que se foi demorando conscientemente, como, por exemplo, o caso sangrante do festival Brincadeira, que llelo puxeron á súa disposición sete meses despois da súa celebración, con toda a intención, como se di na súa terra, de deixar morrer o conto, e de evitar polémicas por unha malísima xestión da que non queren nin oír falar.

Di que non poden amosar credibilidade nun goberno que pasando por riba do resto dos grupos municipais, decide, nunha demostración máis de prepotencia, contratar a un persoal de confianza sen que exista acordo plenario que o sustente. Foi EU quen denunciou esta irregularidade a través dun recurso contencioso-administrativo, e

posterior recurso de apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que ditaminou a anulabilidade da contratación do asesor de prensa, e o seu cesamento inmediato, e que o goberno evitou facer con argucias que bordean a legalidade.

Di que non só iso, senón que no ánimo de informar aos veciños desa situación que se estaba a dar no concello, EU repartiu boletíns informativos que desataron a furia do goberno, ata tal punto, que se sacaron da manga unha denuncia como medio de represalia, escudándose nunha ordenanza que nunca aplican, e que lles serviu para castigalos por exercer o seu dereito á liberdade de expresión e comunicación.

Por todos estes motivos e por moitos máis, poden dicir que a coherencia política que caracteriza a EU non permite que deixen de facer fronte a situacións como as que se veñen dando neste goberno. Non poden permitir, nin ser condescendentes, co autoritarismo e cos desprezos do goberno municipal.

O Sr. alcalde recordará que hai algo máis dun ano, neste mesmo salón de plenos, e ante a aprobación dos orzamentos para o ano 2012, producíase un agre debate no que cada un dos grupos municipais aquí presentes na oposición, deron os seus argumentos e as claves do inconformismo coa distribución orzamentaria que o goberno propoñía, pero non os quixeron oír. Agora, un ano despois, volven presentarse cuns orzamentos que son un calco dos do ano pasado, sen recursos, sen asignacións a políticas de creación de emprego, recurtando en partidas imprescindibles nun momento socialmente crítico, e caracterizados pola insensibilidade coa situación real na que se atopan os veciños.

Manifesta que dos orzamentos non vai dicir gran cousa, porque coida que quedaron suficientemente debatidos no pleno do xoves, o que si lle pode dicir ao Sr. Rivas é que esqueceu, dende o principio, que esta Corporación está formada por 21 concelleiros, e el representa unha parte moi importante dos veciños, pero o resto dos grupos teñen voz, e a súa voz debe ser tida en conta por respecto ás persoas que os votaron.

Dille ao Sr. alcalde que os que están en contra das súas políticas non son eles porque teñan nada persoal, nin contra el, nin contra os seus concelleiros, detrás deles hai veciñas e hai veciños, e esta é unha cura de humildade moi necesaria para un goberno que non pensa na xente, senón en aparentar, en aproveitar a mínima oportunidade para saír en prensa, e que forman un búnker de sete concelleiros máis un alcalde, no que non permitiron entrar aos trece concelleiros restantes para poder facer un goberno de consenso e un goberno de colaboración.

Pedía o Sr. alcalde, e segue pedindo, que se lle explicase o porqué da situación na que se atopan e a razón pola que non o apoian. Di que estas son unhas breves pinceladas, pero as explicacións completas levan dándollas dende hai case dous anos, e négase a escoitalas. Por todo isto, o grupo de EU, na coherencia que promulga, non pode nin apoiar uns orzamentos que non comparten, nin outorgar confianza a quen a perdeu a base de políticas de escurantismo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que esta convocatoria con carácter urxente é unha mostra máis do ninguneo constante do goberno municipal á oposición, demostra a súa incapacidade para a negociación, e o

talante pouco democrático do goberno. Cre que o Sr. alcalde ignora o significado da palabra urxente, que segundo a Real Academia de Lingua Galega é a inmediata obrigación a facer algo, neste caso a urxencia só é do Sr. alcalde, non sucedeu ningunha catástrofe para ter que reunirse con urxencia, e lémbrolle que quen presentou os orzamentos con atraso de 3 meses foi o goberno, pregúntalles por que tantas présas agora.

Continúa dicindo que o obxectivo desta urxencia é dificultar a presenza da oposición, pretendían que hoxe non estivesen aquí. O venres, ás 12:00 da mañá, houbo unha reunión entre o equipo de goberno e os distintos membros da oposición, e non se lles dixo. A prensa xa o sabía, e, non obstante, non lles dixeron a eles que ían ter hoxe este pleno ás 12:00 da mañá. Di que moitos deles, a maioría, non viven da política, teñen os seus postos de traballo, e, avisalos de que teñen un pleno urxente ás 16:00 horas un venres, para as 12:00 da mañá do luns, calquera traballador sabe que é unha complicación, co cal, pensa que a intención deste goberno era que non estivesen aquí, facer este pleno cos menos concelleiros posibles da oposición.

En canto ao segundo punto, di que vai ser moi breve. Como lle dixo o outro día, as políticas que o goberno defende están fracasadas, pero á marxe do seu ideario político, a súa forma de facer política tamén está fracasada, é doutro tempo, demostra prepotencia, chulería, pouco respecto polas minorías e incapacidade manifesta para chegar a acordos con ningún. Di que están cinco grupos na oposición, e non hai acordo con ningún, esa é a súa capacidade de diálogo.

Cando non teñen argumentos, descualifican á oposición, como ocorreu no último pleno, no vergonzoso e patético discurso que lles deu o Sr. alcalde. Un goberno en minoría necesita talante para poder gobernar, e o Sr. alcalde, durante estes dous últimos anos, nunca intentou chegar a acordos, dille máis, ninguneou todas as propostas que lle fixeron dende o BNG. Fixeron numerosas propostas, e o Sr. alcalde e o seu equipo, nin se dignaron en estudalas, sempre contestaron non procede, non argumentaron por que non se podían levar a cabo.

O Sr. alcalde presume moitas veces, ou di moitas veces, que é enxeñeiro, ela dille que tivo un erro importante de cálculo. Dixéronlle varias veces, non é porque non se lle recordase dende a oposición, que eles eran sete máis un, fronte a trece, por iso lle di que tivo un erro importante de cálculo, e por iso chegaron a esta situación a día de hoxe.

Pídelle ao Sr. alcalde que asuma as consecuencias da súa prepotencia, da súa incapacidade para chegar a acordos. Di que o xoves pasado ela argumentou as razóns polas que os orzamentos que presentaron non merecían o voto e a confianza do BNG, constan en acta, hoxe non procede que lles pidan a confianza. Dende o BNG, a día de hoxe, teñen calquera cousa nel, menos confianza.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, expón que quere comezar a súa intervención manifestando o mesmo que acaban de comentar os seus compañeiros da oposición, non lle parece de recibo, primeiro a forma, a convocatoria urxente deste pleno. O venres pola mañá teñen estado reunidos os

voceiros, e non se lles dixo nada, é lamentable que se tivera que enterar por un medio de comunicación que o chamou por teléfono para preguntarlle que ía facer.

Di que se tanta urxencia había en aprobar os orzamentos, os orzamentos xa terían que estar en funcionamento o 1 de xaneiro de 2013, polo que se terían que ter traído en prazo, e xa que non se fixo, non cre que fora tan urxente convocar un pleno o venres, ás 16:00 horas, para un luns ás 12:00 da mañá. Non sabe cal era a intención do goberno, porque para el a urxencia deste pleno, para este día e a esta hora, non está xustificada.

Por outra parte, o Sr. alcalde, na súa exposición, falaba de traballo. Di que el non sabe se é que o traballo hai que cuantificalo polas horas que pasan os concelleiros no concello, cre que o traballo ten que ser valorado con eficiencia e eficacia. O certo é que o Sr. alcalde non estivo noutras lexislaturas, pero algúns compañeiros do seu goberno si estiveron, e cansáronse de criticar accións do anterior goberno e moitas cousas que estaban sen facer, e realmente o importante de Cambre segue sen facer, non saben nada do Plan xeral, non saben que pasa coa vía Ártabra, por iso cre que o que teñen que facer é traballar máis e menos fotos e publicidade nos xornais.

Continúa dicindo que, por poñer un exemplo, ata houbo discrepancias por parte do goberno local á hora de trasladar a feira novamente ao Campo da Feira. Nunha xunta de voceiros así se viu, o Sr. alcalde e o seu voceiro non se poñían de acordo en traela ou non para o Campo da Feira, e non lle parece unha forma de traballar dicir que van facer un referendo para ver onde se vai celebrar.

Tampouco lle parece que todos estean xogando coas mesmas regras de xogo. Cando por parte da oposición se intenta modificar o Regulamento orgánico municipal, esíxenlles informes xurídicos, como así debe ser, pero despois, no pleno do mes pasado, o equipo de goberno quere facer unhas modificacións e para iso non fai falta informe xurídico.

Conclúe dicindo que, de todas formas, como o que lles trae hoxe aquí é unha cuestión de confianza vinculada á aprobación dos orzamentos, el vai ser coherente, vaise ratificar no que dixo o pasado xoves, e o seu voto vai estar determinado por iso, vai actuar en consecuencia co que dixo o xoves pasado.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que entende que o Sr. Rey Moreno non queira darlle un voto de confianza ao seu goberno, o entende claramente. O voceiro dos socialistas dixo que o equipo de goberno contara co seu apoio, e el dálle a razón, e deulle as grazas no pleno de orzamentos, grazas polo seu apoio nos orzamentos do ano 2012, pero o que o Sr. Rey non lle pode dicir a estas alturas, é que os orzamentos presentados para o ano 2013 non son os máis sociais de Cambre e que non aumentan as partidas sociais. El cre que son os máis sociais que se teñen feito, de verdade.

Di que non se trataba dunha ameaza cando dixo que prorrogar os orzamentos do ano 2012 deixaría algunhas partidas excluídas dese orzamento, o Sr. Rey é consciente diso. Dille que el non vén aquí a ameazar a ninguén, senón que se somete urxentemente, e con isto contéstalle tamén á concelleira do BNG cando dixo que non vían a urxencia da convocatoria, porque el si ve esa urxencia, e será a oposición a que

teña que explicarlle as cousas ás ANPAS, ás asociacións de veciños, que están pendentes de cobrar as súas subvencións e que están asfixiados como lle manifestaron a el.

Di que aquí hai varias posibilidades, ou se aproban os orzamentos, ou se prorrogan os orzamentos, ou o alcalde se somete a unha cuestión de confianza. El optou pola terceira, porque o Sr. Rey o dixo, el non é un político ao uso, el está acostumado a traballar con orzamentos, e se non se aproban os orzamentos, ten cometido un fallo, porque o orzamento é a ferramenta máis importante dun concello. A oposición poderá criticalos e achacarlle que os trouxo tarde, é verdade, tiña que telos traído no mes de decembro, aínda que lembra que con anteriores Corporacións se aprobaban os orzamentos no mes de maio ou de agosto do ano seguinte, e iso non o pode negar ningún.

Di que foi a primeira vez, a primeira, en que a oposición tivo o borrador dos orzamentos, que el entregou persoalmente a todos os grupos, no seu despacho, un por un, con 29 días de antelación. Preguntáronlle de canto tempo dispoñían para facer as súas propostas, e díxolles que de 15 ou 20 días, que o chamaran a el ou á concelleira. Pídelles que digan ao pobo de Cambre cales foron as propostas presentadas aos orzamentos, gustaríalle velas, que el saiba non teñen presentado ningunha, nin unha proposta por escrito, logo chegan ao pleno e votan en contra.

Continúa dicindo que falan tamén do tema do persoal de confianza e do Brincadeira. Di que non é que el non queira falar deses temas, pero todos saben que neste concello había tres prazas de persoal de confianza, cobrando uns soldos, e o actual goberno reducíunas a dúas persoas, que están legalmente contratadas. Son persoal de confianza, entran co alcalde e saen co alcalde, nunhas vacantes que se produciron porque o persoal de confianza estaba tamén co anterior alcalde, marchou o alcalde, foise o persoal de confianza.

Sobre o tema do Brincadeira el non ten nada que ocultar, celebraron un pleno monográfico sobre o festival Brincadeira, que non saiu exactamente como eles querían, certo, é verdade, pero el tivo no seu despacho a documentación do festival, para que a vira calquera grupo da oposición, e o único que foi vela foi o grupo de UxC. Pídelles que teñan en conta, ademais, que el pode darlles a documentación que pode darlles como concello, porque ese foi un convenio asinado cunha empresa. El non lles pode dar as facturas que os artistas facturaron á empresa xestora, porque estaría cometendo un grave delito, pola Lei de protección de datos. Pódelles ensinar o resto de documentación, facturas dirixidas ao concello, e todos os informes que eles queiran sobre o festival Brincadeira, pero as facturas dos grupos que facturaron á empresa organizadora, iso el tivo á súa disposición as carpetas para que as viran, pero non pode facer fotocopia delas.

Continúa dicindo que hai unha cousa da cal o acusan case todos, que é da falta de diálogo. El cre que este goberno non lles censurou xamais o acceso a ningún expediente, xamais. Eles solicitan ver un expediente e poden velo. A el gustaríalle que algún deles lle disexe cando lles teñen prohibido ver un expediente, pero que o digan aquí, publicamente.

Tamén lles din que teñen que vir traballar, que non fixeron absolutamente nada. El sinceramente cre que a oposición ten que valorar as cousas, cando eles accederon ao goberno de Cambre, en xuño do ano 2011, atopáronse, primeiro, co plan Arume, cuxa realización estaba no 9%, e con comiñas, porque unha das únicas obras que estaba feita era a praza de Sobreguexe, e aínda hoxe non ten as sebes nin a placa de terminada que é preceptiva no plan Arume. O outro 91%, tiveron que desenvolver todos os proxectos, sacalos a licitación e executar a obra antes do 31 de decembro do ano 2012, cousa que fixeron para non perder 3 millóns de euros de subvención da Unión Europea, e non é que se poña galóns, porque el non conseguiu eses fondos, pero tampouco tratou de perdelos, iso polo beneficio de todos os cambreses.

Segue dicindo que asinaron un convenio coa Xunta co que teñen mellorado substancialmente o servizo, e se teñen aforrado máis do 50%, no comedor sobre rodas. Teñen solucionado o problema que lles deixou o anterior goberno co atraso do cobro dos recibos de axuda a domicilio. Crearon o servizo de bono-taxi, para complementar o servizo de transporte adaptado, dado que a Xunta non chega, e tamén lle teñen protestado por iso á Xunta, como xa dixo en anteriores plenos. Todas as partidas de igualdade e conciliación da vida laboral e familiar, cuns campamentos urbanos que son dos máis completos da comarca. En 21 meses, e despois de varios anos parada, fixeron a Casa da Cultura, isto caeu en saco roto, pero está aí. Teñen corrixido o déficit do 5% que tiña este concello e que lles deixou o anterior goberno, iso durante os seis primeiros meses de mandato. Conseguiron que a Cruz Vermella se instale no municipio, cousa da que se levaba falando bastante tempo. A anterior Corporación tíñalle cedido á Xunta unha parcela para facer unha escola infantil e un centro de saúde, e eles tiveron que transformala en soar para que iso tivera un viso de realidade, co expediente que iso supuxo, e hoxe poden dicir que xa se iniciaron as obras da escola infantil, e pronto se iniciarán as do centro de saúde do Temple. A farmacia da Barcala levaba 14 anos esperando, pero hoxe é unha realidade. O banco de alimentos non o creou a anterior Corporación, fixérono eles. A instalación de paneis publicitarios, a feira co tema do tan criticado referendo, cando o certo é que el dixo o primeiro día que mandar a feira para abaixo era provisional e que cando se acabase o Campo da Feira e se regulasen os espazos a feira volvería para o seu sitio, o dixo o primeiro día e segue a cumprilo. O regulamento de apertura de establecementos tamén o fixeron eles, conxuntamente coa instalación de terrazas. O plan de apoio a emprendedores é unha realidade no municipio, cando antes non existía. Os talleres de emprego para 31 desempregados, que antes non existían en Cambre, tamén os fixo este goberno. Recuperaron o servizo de orientación laboral, despois de tres anos sen el. Varias campañas reais e efectivas de promoción do comercio local. Conseguiron da Xunta máis de medio millón de euros para programas de formación. Os locais de ensaio, que estaban parados, xa son unha realidade. As piscinas do Balado e O Graxal, non lles quere dicir como estaban, os veciños o saben. A ludoteca municipal.

Segue dicindo que iso foi o que recibiron de herdanza. Tamén recibiron de herdanza a futura construción dunha instalación de protección civil e dun novo colexio en Lendoiro, iso si, nunha parcela que ten unha instalación de alta tensión e pasa o gas polo medio, co cal tiveron que buscar outra localización para protección civil, e xa está en marcha, e conseguiron que lles manteñan a subvención.

Tamén lograron ter subvencións para o arranxo do auditorio municipal en Cambre e da Casa da Arrigada. Están redactando os proxectos para construír aparcadoiros en Cambre, ao mesmo que asean o centro, no Temple e na Barcala. Teñen comezado o estudo dun proxecto para a construción dun carril bici ao longo do río Mero. Teñen avanzado substancialmente na negociación das condicións de traballo dos traballadores municipais. Teñen desenvolvido un plan de modernización da administración e simplificación dos trámites administrativos que está en marcha e a punto de acabar.

Di que el non vai seguir falando de obras que recibiron en herdanza e que tiveron que repoñer, pero todo o concello o sufriu. Os máis de 40 expedientes que tiveron que repoñer, porque un día por outro Fenosa lles cortaba a luz, é o que recibiron de herdanza, pero eses trámites levan o seu tempo, porque hai que facer os contratos e hai que detectalos. Moitas parroquias e moitos barrios sufriron os cortes de luz, en moitos porque robaban o cable, e moitos outros porque lles deixaron eses corenta e tantos puntos sen contratar. Todos eses expedientes tiveron que facelos.

Di que tampouco lles vai falar de cousas tan prometidas, e prometidas ademais por algúns dos concelleiros presentes cando formaban parte da Corporación, como son beirarrúas e sendas peonís nalgunhas estradas, que non viron a luz. A senda peonil de Pravio non a realizou a anterior Corporación, realizouna esta. A promesa da senda peonil dende Quintán ao Apeadeiro en Cecebre, que xa a teñen en marcha, é unha promesa que se arrastra dende hai moitísimos anos, así como a senda peonil de Sta. M^a de Vigo, e como a eles os ningunean en todas as administracións, tal e como dixeron os grupos da oposición no debate de orzamentos, resulta que despois de catorce ou quince anos parada, nestes 21 meses eles presentaron o proxecto e conseguiron que a deputación aprobara o gasto. A renovación de redes en Ponte do Cubo-Cecebre e en Seoane-Anceis, son obras que están en marcha, igual que a de Penouña, Fontenla en Pravio, etc., eses son expedientes que hai que tramitar.

Di que el ten unha relación dos expedientes que teñen tramitado en obras e servizos, e soamente en obras e servizos teñen tramitado 135 expedientes nestes 21 meses, aínda que algúns digan que nin eles, nin os funcionarios, traballan. Non os quere seguir aburrindo cun listado grande de obras que fixeron, e de moitas outras que están en marcha, que desbloquearon e que nos próximos meses, se Deus quere, eles, a Xunta ou a deputación, poñerán en marcha.

Conclúe dicindo que el veu aquí, a unha moción de confianza, porque cre que é o seu deber, optou por esa terceira vía porque a el os orzamentos prorrogados nin lle gustan, nin sabe traballar con eles, e por iso lles pediu a súa confianza, eles poden darlla ou poden negarlla.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno pregúntase que dicir, levan 21 meses negando que vaian facer referencia ao anterior goberno e á herdanza recibida, e hoxe sae. Ben, como xa dixo en máis dunha ocasión, se o Sr. Rivas está cobrando, é precisamente por eses problemas que houbo na xestión de anteriores corporacións, iso que lle quede moi claro. Dito isto, o Sr. alcalde, unha vez máis, recorre ás trampas, ás medias verdades, ou directamente ao engano, cando di que se non se aproban os orzamentos deixarían de poder levar a cabo algunhas partidas, concretamente falaba

das subvencións a entidades sen ánimo de lucro, dos incrementos en temas de servizos sociais, en temas de fomento do emprego, e demais. Como o Sr. alcalde sabe, e se non o sabe pode informarse, cuns orzamentos prorrogados pódense adoptar medidas, evidentemente no pleno, como se teñen vido adoptando as medidas excepcionais nalgúns casos mediante modificacións orzamentarias, e así dar solución a eses eventuais problemas que poidan ir xurdindo.

Di que claro que lle din ao pobo de Cambre o porqué non aproban eses orzamentos, claro que o fan, porque non confían no goberno, porque o goberno non sabe xestionalos, e eses orzamentos son calco dos do ano pasado, e os do ano pasado son calco dos do ano anterior, non hai proxectos novos, o que hai son soamente modificacións no importe das partidas, por certo, case sempre á baixa.

Conclúe dicindo que non vai entrar nese relato de realizacións que o Sr. alcalde estivo facendo, porque lle parece que é facer trampa, non veñen falar diso, veñen falar da confianza no Sr. alcalde e no seu goberno, e reitera o que dixo, dinlle ao pobo de Cambre que si hai outra forma de gobernar, que si hai outra forma de atender os seus problemas, e si hai outra forma, dende o diálogo, a responsabilidade, e a corresponsabilidade, de atender aos seus problemas e ás súas necesidades, dunha mellor forma do que o goberno actual está facendo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o Sr. alcalde fala do seu orzamento, e el cre que ese é o erro que ten cometido ao longo destes dous anos, sinceramente o cre, non é o seu orzamento, e o orzamento dos veciños de Cambre. Se o Sr. alcalde realmente pensase nos veciños de Cambre, diría o noso orzamento, e intentaría, polo menos, consensuar eses orzamentos. No ano 2012, coa abstención do partido socialista, leváronos a cabo, sen contar absolutamente para nada con UxC.

O Sr. alcalde tamén falou do Brincadeira, e di que el si foi a ver o expediente ao despacho do alcalde, pero ata a semana pasada non viu o informe de Intervención, non llelo deixaron ver ata a semana pasada, e cando falan de transparencia, sacar 240.000 euros da caixa do concello, sen un procedemento administrativo que garantice a transparencia, parécelle grave.

Dixo o Sr. alcalde que algúns deles teñen dito que os funcionarios non traballan, e el dille que el xamais o ten oído neste pleno, xamais o ten oído a ningún dos que están aquí, xamais lles ten oído que os funcionarios non traballen, non teñen falado diso.

Explica que ao seu grupo non lle gusta a situación na que están hoxe, non lles gusta, téñeno dito, e el, persoalmente, a principios de lexislatura xa dixo que a UxC o que lle interesa, governe quen governe en Cambre, é que o faga para os veciños de Cambre, e polo menos, ter un proxecto e un futuro.

El xamais dixo que o Sr. alcalde e o seu goberno non teña feito nada, xamais o dixo, e non o dirá, porque si que fixeron cousas, e parte das que o alcalde nomeou é verdade que as fixeron eles. Tamén é verdade que o departamento que dirixe o Sr. Marante sempre tivo fluidez en canto ás peticións que fixo UxC, e contestoulles sempre con rapidez. Pero di que non lles gusta esta situación, e aínda menos lles gusta que

continúe como ata agora, por iso eles cren que é necesario un cambio na política municipal, para orientala aos veciños, a través do Regulamento de participación cidadá que o actual goberno segue obviando nos orzamentos e, sobre todo, na forma de facer.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que seguen na mesma, isto non ten trazas de cambiar, durante o primeiro ano de lexislatura sempre lle botaron en cara ao goberno, con razón ademais, que constantemente botaba a culpa de todos os males que había neste concello á Corporación anterior, esa foi a escusa practicamente durante un ano de lexislatura, agora que se lles acabou o conto do goberno anterior, o que están facendo é trasladar esa culpa á oposición, a oposición é a culpable de todo, absolutamente de todo, de que isto non camiñe, de que non se poidan facer as cousas, de que non teñan oportunidade de tirar para adiante, parece que lle están poñendo ao goberno paos nas rodas, cando iso non é así, e está demostrado.

Di que seguen na súa liña, e o Sr. alcalde, concretamente, segue na súa liña de non recoñecer os seus erros, e despois de escoitar a todos os grupos, segue xustificando o inxustificable e non fai esa cura de humildade da que falaban.

Respecto do persoal de confianza di que está de acordo co que dicía o Sr. Rey, hai que dicir as verdades completas, non as hai que dicir a medias para que quede bonito, ou para intentar, non sabe se enganar, pero polo menos esconder a realidade das situacións. Di que tan legal non será cando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que non é un particular nin é unha instancia que non se deba ter en conta, ordena o cesamento do asesor e a anulabilidade da contratación, nunha sentenza que eles teñen e que lle poden ensinar a quen faga falta. Polo tanto, pide que as verdades por favor completas, non a medias.

Respecto do Brincadeira cre que xa está todo moi falado, o que si faría e darlle un consello, que non poña como exemplo plenos tan bochornosos e tan coactivos como foi o pleno do Brincadeira, no que non se permitiu a réplica, simplemente se permitiu a exposición das preguntas que traían os grupos da oposición, deuse unha contestación xenérica como as que se dan habitualmente, e non se permitiu o debate. Di que os plenos que se censuran non está ben que se poñan como exemplo.

Están vendo que esta discusión está agora mesmo nun punto morto, os grupos da oposición falan un idioma que o goberno municipal non entende ou comprende. Son cinco grupos municipais os que están na oposición, e teñen diferenzas entre eles, pregúntalle ao Sr. alcalde se non lle parece moi curioso que estean de acordo nas mesmas cousas, porque non falaban entre eles, e se se dá conta, as argumentacións que traen son practicamente as mesmas, falta de diálogo, falta de consenso e falta de transparencia, para xeneralizar.

Respecto da enumeración que o Sr. alcalde acaba de facer dos proxectos que levaron a cabo, é que só faltaría que non traballaran, só faltaría que non fixeran cousas, para iso están aquí, e para iso están cobrando, por iso se comprometeron. Todas esas cousas que se fixeron, evidentemente, hai que facelas, e non hai que vanagloriarse

diso, porque están falando do que non se fai, están falando, novamente, da falta de diálogo e da falta de consenso.

Di que eles tamén poden enumerar, e se quere o Sr. alcalde ponse aquí a facelo, a cantidade de iniciativas que EU leva presentado, pero non é cuestión de aburrir, porque todos traballan, a súa obriga é traballar, non hai que colgarse medallas por iso.

Por último, di que non intente poñelos en contra dos funcionarios, coincide co Sr. García Patiño, aquí nunca ninguén dixo que os funcionarios non traballaran, en ningún momento, e parécelle de bastante mal gusto que poña na súa boca esa frase. Eles o que están dicindo é que o goberno non escoita, e segue sen facelo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto expón que escoitaron ao Sr. alcalde dar lectura a todas esas cousas que xa traía preparadas da casa, é tan dialogante, e atende tanto ás propostas que lle están a facer dende a oposición, que xa trae da casa a resposta escrita. Di que ese foi o talante do alcalde durante todos estes meses.

Dille ao Sr. Rivas que estes orzamentos non se consensuaron, non se negociaron coa oposición, e, ademais, fixéronse de costas á cidadanía, son un goberno metido, non nun concello, senón nun despacho, porque se se fala cos funcionarios tamén din que é certo que están no concello metidos, pero dentro dos seus despachos. Non pisaron á rúa, non visitaron as parroquias, e fixeron uns orzamentos sobre o papel, trouxéronos con atraso e, agora, dende o xoves, úrxelles moitísimo convocalos con urxencia.

Di que o BNG fixo moitas propostas ao longo destes máis de vinte meses, non as estudaron, simplemente os descualificaron, algunhas veces, ela é a única muller na xunta de voceiros, incluso ademais de prepotencia, houbo machismo, e di que ela non é unha persoa susceptible, non obstante, si que nalgúns comentarios, ademais de prepotencia, víase machismo, é imposible consensuar nada con eles.

Continúa dicindo que o Sr. alcalde dille aos veciños que intentou chegar a acordos en canto aos orzamentos, se para el, chegar a acordos é citalos hai 20 días, darlles un documento en man, dicirlles que son os mellores orzamentos, se iso é para el negociar, si, iso fíxoo, pero ese documento xa estaba pechado. Eles foron despois a falar coa concelleira de Economía, e as cousas que lle dixeron, nalgunhas estaba de acordo, noutras non, en todo caso, non foron recollidas e non procederon.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que el só quere facer dúas puntualizacións, unha que el xamais, igual que o resto dos seus compañeiros, xamais ten falado nada de que os funcionarios non traballasen, iso seguro, e non cre que haxa ningunha acta que así o recolla.

En segundo lugar, por rebater o que o Sr. alcalde dixo da feira tradicional que se celebra en Cambre, di que están aquí os seus compañeiros presentes, e todos viron o titular dun xornal, prensa de tirada importante a nivel galego, onde dicía que o concello faría un referendo para que os veciños decidiran onde se ía facer a feira, iso en primeiro lugar, e en segundo lugar, di que non negará o Sr. alcalde que naquela xunta de voceiros, previa a un pleno onde un grupo da oposición ía levar unha moción para

que a feira de Cambre volvera á súa antiga localización, o voceiro do PP, que foi quen comezou falando, dixo que se ía facer ese referendo, despois, tras escoitar a todos os voceiros da oposición, o Sr. alcalde, como era quen pechaba o debate, dixo que se traería para arriba, pero foi así como pasou, e aquí están presentes os seus compañeiros que así o poderán testemuñar.

Conclúe dicindo que el, dende logo, o que si ten claro é que a situación á que nestes momentos o goberno municipal se ve avocado, conseguírona polos seus propios méritos, e, dende logo, do que non se pode tachar á oposición é de irresponsable, porque o Sr. alcalde sabe que todas as propostas que foron boas para os veciños de Cambre, foron aprobadas pola oposición.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que, antes de pasar á votación, só quere puntualizar un feito que lle parece significativo e que acaba de dicir a concelleira do BNG. Esa concelleira falou dun prazo de 20 días e de que non tiñan consensuado os orzamentos, pero dille que el non ten entregado un documento pechado, ao seu compañeiro, que foi quen veu recollelo, entregoulle un borrador de orzamentos, igual que ao resto de grupos, para que fixeran as súas achegas, iso foi o que entregou, e se alguén o nega, chamarao mentireiro.

Reitera que non entregou un documento pechado, entregou un borrador, e díxolle a todos o mesmo, que estaban abertos a recibir propostas, a gustaríalle que alguén lle dixese que propostas fixo, porque se non están de acordo con ese borrador, que estaba aberto a suxestións, que lle digan cales foron as propostas que fixo cada grupo.

Dona M^a Victoria Amor Prieto solicita permiso para ir punto por punto, para que non se lle olvide nada.

O Sr. alcalde dille que si, que llo permite, porque se dirixiu directamente a ela.

Dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que eles reuníronse coa concelleira de Economía e fixéronlle varias propostas, esas propostas non están recollidas en ningures. De todos modos, en varias ocasións, en canto a ordenanzas que se fixeron no concello e respecto das cales lles pediron opinión e suxestións, dende o BNG achegáronlles folios escritos con varias suxestións. Hai moito traballo detrás diso, porque o goberno ten un equipo técnico, pero eles non teñen a ninguén, son persoas particulares que non teñen un equipo técnico detrás, as súas suxestións non son igual que os informes do goberno, que están feitos por profesionais, os deles non. Para ela, porque ademais foi a súa primeira experiencia neste tema, foi bastante frustrante chegar aquí e que lle contestaran “non procede”, están falando de que “non procede”.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille á concelleira do BNG que de momento é o presidente, e o día que non o sexa, dirallo, pero que el simplemente lle fala de orzamentos, aquí presentase unha moción de confianza para aprobar os orzamentos.

Dona M^a Victoria Amor Prieto contesta que si, pero que chegaron a este punto, e pídelle que lle deixe falar.

O Sr. alcalde manifesta que o tema dos orzamentos e un, o tema da moción de confianza é outro, e a Sra. concelleira agora pode votar en contra do que teña que votar, pero pídelle que non faga unha disertación de propostas que votaron antes. Di que el se refería exclusivamente aos orzamentos, que é do que tratan aquí, polo que lle pide que non lle diga que ela presentou unha infinidade de propostas ao longo do ano, porque iso fixérono todos os grupos.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que iso non é o que el estaba dicindo hai un momento.

O Sr. alcalde di que desas propostas, unhas recolléronse e outras non, hai moitas que se recolleron e hai moitas que non, pero el fálalle de orzamentos e ela quere evadir o tema, porque sabe que non presentou ningunha.

Dona M^a Victoria Amor Prieto contesta que si que presentaron propostas, verbalmente, nunha reunión coa concelleira de Economía que durou máis dunha hora, e si que lle presentaron propostas, e se colle o calendario, pode ver que foi o venres antes do pleno, ás 17:00 horas, no despacho da Sra. concelleira.

De todos modos, dille ao Sr. alcalde que lle deixe un momento, que non sexa tan ditador, que lle deixe falar.

Toma a palabra o Sr. alcalde e expón que o pleno está perfectamente regulado, el deulle a oportunidade de intervir porque se referiu a ela, pero agora van pasar á votación.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que palabra de Deus, te adoramos señor, ou se non Deus, palabra do Sr. Rivas, entón.

O Sr. alcalde concede a palabra á secretaria da Corporación para dar paso á votación.

A secretaria da Corporación informa que o artigo 197 bis 1) da Lei orgánica de réxime electoral xeral establece que o alcalde poderá formular ante o pleno unha cuestión de confianza vinculada entre outros temas á aprobación dos orzamentos anuais. E no artigo 197 bis 2) refírese a que se require para a adopción dos ditos acordos o quorum de votación esixido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para cada un deles. A votación efectuarase, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público.

Di que o quorum de votación esixido neste caso, de acordo co artigo 47 da LRBRL, será o da maioría simple, máis votos afirmativos que negativos, e a votación efectuarase mediante o sistema nominal definido no artigo 119, parágrafo 3º, do Regulamento orgánico municipal que establece que son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar o presidente, e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta “sí”, “non”, ou “abstéñome”.

Polo tanto, seguindo a orde alfabética, pasan á votación:

- Amor Prieto, M^a Victoria: Non
- Andreu Barallobre, Felipe: Si
- Baamonde López, José Antonio: Abstención
- Bao Bouzas, Jesús: Non
- Carballada Rodríguez, Daniel: Non
- Caride Suárez, Fernando: Si
- García Patiño, Óscar Alfonso: Non
- González Roel, M^a Jesús: Si
- Iglesias Pais, Margarita: Non
- Lemos Seoane, José Manuel: Non
- Marante Gómez, Manuel: Si
- Orosa Fernández, José Antonio: Non
- Pestonit Barreiros, Elisa: Non
- Rey Moreno, Augusto: Non
- Ríos Rama, Santiago Manuel: Si
- Sanjurjo Cacheiro, M^a Luisa: Non
- Santos López, M^a Olga: Non
- Taibo Casás, Luis Miguel: Non
- Vázquez Golpe, Marta M^a: Si
- Vila Díaz, Rocío: Si
- Rivas Caridad, Manuel: Si

A Corporación, por oito votos a prol, doce votos en contra e unha abstención, acordou rexeitar a cuestión de confianza vinculada á aprobación dos Orzamentos para o exercicio do 2013.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. presidente levantou a sesión cando son as trece horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia